

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2021

### Acórdase/apróbase por asentimento<sup>1</sup>:

1. As actas da reunión ordinaria do día 18 de decembro de 2020 e da reunión extraordinaria do día 21 de xaneiro de 2021.
2. A PDA -para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito- para o curso 2021-2022.
3. A PDA do Máster universitario en Avogacía para o curso 2021-2022.
4. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes respecto das materias do título do Grao en Dereito para o curso 2021-2022 e o escrito de motivación correspondente.
5. A oferta de materias optativas do Grao en Dereito para o curso 2021-2022 e os procedementos de preinscripción e matrícula correspondentes.
6. A designación da Prof. Dra. Francisca Fernández Prol como Coordinadora do Grao en Dereito para o curso académico 2021-2022 e a non cobertura das coordinacións de curso, de conformidade co previsto na memoria de verificación da titulación.
7. A designación da Prof. Dra. Marta Fernández Prieto e da Prof. Dra. Belén Sánchez Ramos como coordinadoras da materia “Traballo fin de grao” e da Prof. Dra. Susana Álvarez González e do Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez como coordinadores da materia “Prácticas externas”.
8. A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2021/2022.
9. Manter os límites de prazas no Grao en Dereito (50) e no Plan conxunto de Estudos ADE-Dereito (10) para o curso académico 2021-2022 e remitir o correspondente escrito xustificativo á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado para o seu traslado aos órganos competentes da Xunta de Galicia.
10. A memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2020.
11. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) A aprobación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía para o curso 2021-2022.

- b) As modificacións que, no seu caso, procedan no límite de prazas no Grao en Dereito, na PDA correspondente e na distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2021-2022.
- c) A modificación do procedemento de matrícula das materias optativas se fose necesario polas convocatorias internas da universidade.
- d) A aprobación do calendario académico da Facultade para o curso 2021-2022.
- e) A designación dos representantes da Facultade para a Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUE).

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 25 de febreiro de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 26 de febreiro de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. [sdefdo@uvigo.es](mailto:sdefdo@uvigo.es)